



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-TG/2022

Exp.: 2022000001219

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN Nº 2022/12865 POLA QUE APROBA A CONVOCATORIA DO XXXIV PREMIO “TORRENTE BALLESTER” DE NARRATIVA EN LINGUA GALEGA

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Visto o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, relativo á ampliación do prazo de presentación de solicitudes.

RESOLVO:

Modificar a resolución da Presidencia nº 2022/12865, de 11 de marzo, pola que se aproba a convocatoria do XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lingua galega e, en consecuencia, modificar o extracto da convocatoria anexo a dita resolución, no senso seguinte:

Onde dí:

3º.O prazo iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará o día **29 de abril de 2022**.

Debe dicir:

3º.O prazo iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará o día **15 de xuño de 2022**.

Onde dí:

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará o día **29 de abril de 2022**.

Debe dicir:

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-TG/2022

Exp.: 2022000001219

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará **o día 15 de xuño de 2022**.

Polo tanto, o texto definitivo da resolución é o seguinte:

Vista a resolución da presidencia núm. 12123, de 9 de marzo de 2022, pola que se aproban as Bases do XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lingua galega.

Visto tamén que as citadas Bases foron publicadas no BOP núm. 48 do 11 de marzo de 2022.

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lingua galega, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por resolución do presidente núm. 12123, de 9 de marzo de 2022.

2º. A convocatoria rexerá polas Bases do premio que foron publicadas no BOP núm. 48 do 11 de marzo de 2022 https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/03/11/2022_0000001237.html.

3º. O prazo iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará o día **15 de xuño de 2022**.

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-TG/2022

Exp.: 2022000001219

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lingua galega. O texto completo das Bases do premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán participar todas as persoas, maiores de idade, que non fosen premiadas nos cinco anos anteriores a este e que presenten narracións en lingua galega.

Segundo. Obxecto

Convocar para o exercicio 2022 o XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lingua galega, co ánimo de contribuír a acrecentar a calidade fabuladora e a creatividade que caracteriza as nosas escritoras e escritores, e coa vontade de homenaxear o ferrolán Gonzalo Torrente Ballester.

Terceiro. Bases reguladoras

A convocatoria rexerese polas Bases do premio, que foron publicadas no publicadas no BOP núm. 48 do 11 de marzo de 2022
https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/03/11/2022_0000001237.html).

Cuarto. Contía



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-TG/2022

Exp.: 2022000001219

O importe da consignación ascende a un total de 15.000 €, con cargo á partida 0612/3341/481 do Orzamento ordinario para 2022.

Establécese un único premio, dotado con 15.000 €

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Quinto. Cesión dereitos

A Deputación publicará a/s obra/s premiada/s, directamente ou a través doutra editorial, reservándose durante un prazo de dezaioito meses, que se contarán dende a data da concesión do premio, os dereitos de editala/s. Ademais entregará á persoa/s gañadora/s trinta exemplares.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará **o día 15 de xuño de 2022**.

Sétimo. Criterios de preselección

Para a lectura da totalidade das obras presentadas, será nomeado un grupo de preselección, que estará composto por persoas expertas no campo da literatura en lingua galega.

A preselección das obras farase segundo se establece na base 5ª das Bases do premio.

Outros datos de interese

As obras presentaranse, preferentemente, en soporte dixital USB/CD, e xunto coa plica serán enviados á Deputación da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre “XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lingua galega”.

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-TG/2022

Exp.: 2022000001219

XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lingua gallega. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

Podrán participar todas las personas, mayores de edad, que no hubiesen sido premiadas en los cinco años anteriores a éste y que presenten narraciones en lingua gallega.

Segundo. Objeto

Convocar para el ejercicio 2022 el XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lingua gallega, con el ánimo de contribuir a acrecentar la calidad fabuladora y la creatividad que caracteriza a nuestras escritoras y escritores, y con la voluntad de homenajear al ferrolano Gonzalo Torrente Ballester.

Tercero. Bases reguladoras

La convocatoria se regirá por las Bases del premio, que fueron publicadas en el BOP número 48 do 11 de marzo de 2022,
https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/03/11/2022_0000001237.html

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 15.000 €, con cargo a la partida 0612/3341/481 del Presupuesto ordinario para el año 2022.

Se establece un único premio dotado con 15.000 €

El premio podrá quedar desierto y ser concedido con carácter ex aequo; en este caso, su importe se repartirá proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

Quinto. Cesión de derechos

La Diputación publicará la/s obra/s premiada/s, directamente o a través de otra editorial, reservándose durante un prazo de dieciocho meses, que se contarán desde fecha de la concesión del premio, los derechos de editarla/s. Además entregará a la persona/s ganadora/s treinta ejemplares.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-TG/2022

Exp.: 2022000001219

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y acabará **el día 15 de junio de 2022.**

Otros datos de interés

Las obras se presentarán, preferentemente, en soporte digital USB/CD, y junto con la plica serán enviados a la Diputación de A Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando en el sobre “XXXIV Premio “Torrente Ballester” de narrativa en lengua gallega”.